

Recheos e ordenación do litoral

GONZALO MÉNDEZ*

Agradezo a oportunidade que se me brinda de participar no debate sobre a conveniencia do recheo do Areal en Vigo desde a perspectiva da ordenación do litoral. En tal marco parece oportuno non desvincular este proxecto dos outros que se pretende realizar noutras áreas da ría, como son as próximas a Rande e Ensenada de San Simón. Nos bordes das rías, como noutros ámbitos litorais, concurren actividades e usos moi diversos: actividades portuarias, construción e reparación naval, primeiras e segundas residencias, industrias, espazos de lecer, actividades deportivas, turismo, áreas a conservar, etc., ás veces incompatibles entre si. Pero nas rías, pola súa singularidade, estes usos concéntranse nun espazo ambientalmente sensible e desequilibrable.

Hoxe en día está plenamente aceptado polos técnicos na materia, e así consta nas recomendacións dos distintos organismos internacionais sobre medio ambiente ou ordenación territorial, que a clave da correcta ordenación litoral atópase no grao de dependencia que as actividades teñen da liña de costa. Así, recoméndase autorizar o emprazamento sobre as primeiras decenas de metros a partires da liña de costa, somentes aquelas actividades que teñan unha dependencia ineludible da mencionada liña. E despois seguir ordenando as actividades en función do grao de dependencia.

Vigo carece de tal ordenación. A perspectiva da necesaria ordenación litoral nunca penetrou nos diferentes Planes Xerais con que contou, nen tampouco no Plan Especial do porto. Máis aínda, se o porto de Vigo serve e condiciona a actividade da área metropolitana (ademáis dun extenso hinterland), a ordenación "en profundidade", desde a costa cara ó interior, debe ser supramunicipal. Como supramunicipais son o Porto de Vigo (espallado discontinuamente polos concellos ribeiráns) ou a Zona Franca do porto (extendida ata Salvaterra de Miño).

Unha das cuestións que máis chama a atención do recheo do Areal é a ausencia de detalles sobre a utilización última que se vai facer do terreno que se pretende crear. A Autoridade Portuaria, como administración pública, debe xustificar cal é a necesidade de novos espazos, novas superficies, e cales serán os usos ós que se destinen. E debe explicar a ubicación na zona do porto de actividades que poderían emplazarse en calquera outro sitio. Debería explicar por que a propia Xunta ven de ocupar espazos portuarios podendo situarse fora deles. ¿Cal pode ser entón a xustificación ó grande interese existente polas ocupacións no borde costeiro?

Xa en 1880 Vigo fixo o primeiro grande ataque contra o seu borde marítimo. Toda a zona comprendida desde a praza de Compostela, ésta incluída, ata Montero Ríos foi gañada á praia para obter terreo urbanizable. Sustraída ó dominio público e privatizada. Os terrenos na zona das Rías Baixas sempre foron caros e as zonas húmidas litorais e de baixa profundidade convertéronse en espazos ocupables mediante unha relativamente baixa inversión. Foi precisamente a administración pública quen desde os anos sesenta do pasado século destruíu grandes superficies de areas e marismas, iñorando o altísimo valor que tales lugares teñen desde o punto de vista ecoloxico. Así foron construídos o complexo ENCE-ELNOSA e estragadas as marismas do Alba e Lérez en Pontevedra (para industrias e equipamentos), ou máis recentemente as de Redondela. No caso de Vigo, unha topografía diferente limitou este tipo de actuacións, se ben as melloras tecnolóxicas foron abaratando os custes de tales intervencións e a demanda e precios do solo facéndoa máis rendibles.

A escaseza de grandes espacios chas a precios aceptables leva a moitos promotores a tratar de conseguilo a costa da zona marítimo-terrestre sen valorar correctamente os custes de tal operación. Porque se ben no balance entre o custe de facer o recheo e o beneficio estimado polo precio do solo o resultado é positivo, dudamos moito deste resultado se considerásemos as externalidades ambientais negativas.

Estou convencido de que certa alteración do medio foi unha condición necesaria para acadar o actual nivel de vida, pero esta situación non poderá extenderse indefinidamente. Neste senso, a protesta cidadá está a expresar que seguir destruindo a ría siñifica precisamente perder calidade de vida. Debemos tratar de compatibilizar os usos no litoral pero desde a prevalencia do medio ambiente. Na medida en que Vigo sexa capaz de resolver os seus problemas de comunicación co interior da comarca, mellorando as accesibilidades, poderá afrontar en mellores condicións a necesaria ordenación de usos.

Por último considero importante abordar o problema competencial. Se ben a Autoridade Portuaria e o Ministerio de Fomento teñen a capacidade para decidir a construción de recheos no porto de Vigo, como Porto do Estado, desde o punto de ambiental veñen iñorando as competencias da Xunta de Galicia, que dispón dun desenvolvemento normativo e instrumental maior que o do estado, e furtando as actuacións de pasar polos mecanismos de control ambiental dos que en Galicia estamos dotados.

O principio de prevención aconsella parar calquera intervención no litoral mentres non se proceda a facer un plan de ordenación do litoral na ría e na área metropolitana.

***Profesor de Planificación e Xestión do Litoral e do Medio Mariño e de Protección Ambiental da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo.**